

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	MIÑO
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Tomé de Bemantes
<b>Dirección</b>	Lugar do Adro, 1. 15635
	43.339246 -8.173487
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	Pequena igrexa barroca no concello de Miño. Na súa planta rectangular desenvólvese unha soa nave, cun coro alto aos pés. O paso da nave ao presbiterio faise a través dun arco triunfal. Os seus muros indican diferentes etapas de construción. O interior é austero, nel destaca a pila bautismal de estilo románico, situada aos pés do arco triunfal. Nos muros laterais ábreanse tres arcos góticos e unha porta rematada nun arco de medio punto, ao lado da cal se atopa un sarcófago antropomorfo do século XII. O exterior concentra a decoración na fachada principal, que foi remodelada no século XVIII segundo canons barrocos. Sobresae a espadaña de dous corpos, o primeiro composto por tres machóns que dan lugar aos ocos onde se sitúan as campás, mentres que o segundo está formado por un corpo central flanqueado por pináculos.
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
<b>Data</b>	15-09-2025

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">BLANCO LÓPEZ, JOSÉ ANTONIO (MONDOÑEDO)</a>	1910	50	72
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1923	60	125

Información completa: [Igrexa de San Tomé de Bemantes - MIÑO \(GALICIA\)](#)